

PUNTOS DESTACADOS DO INFORME DE AI

República Popular de China. A conta atrás para os Xogos Olímpicos: A represión de activistas ameaza

No seu informe publicado esta cuarta feira, Amnistía Internacional pide ás autoridades chinesas que:

- Permitan acceder de inmediato a Tíbet e zonas circundantes a investigadores das Nacións Unidas e outros observadores independentes.
- Poñan fin á detención arbitraria, a intimidación e a frustración dos activistas.
- Terminen coa detención administrativa punitiva.
- Permitan que todos os xornalistas informen plena e libremente en toda China.
- Poñan en liberdade a todos os presos de conciencia.
- Reduzan o número de delitos castigados coa pena capital como paso cara á abolición deste castigo.

Puntos destacados do informe:

As autoridades fixeron un uso excesivo e en ocasións letal da forza para dispersar aos manifestantes no Tíbet e zonas circundantes. Amnistía Internacional recoñece a obriga das autoridades de protexer a persoas e propiedades fronte os actos de violencia, incluídos os ataques contra os chineses, cuxos motivos son aparentemente étnicos, pero a súa actuación debe seguir os principios de necesidade e proporcionalidade sinalados nas normas internacionais de dereitos humanos.

Á luz do panorama, longo tempo documentado, de tortura e outros malos tratos no Tíbet, Amnistía Internacional teme que sexa probable que as persoas tibetanas detidas sufran malleiras ou outros abusos. Algunhas corren perigo de ser condenadas á morte tras xuízos inxustos. A organización pide ás autoridades que dean a coñecer os nomes, o paradiro e a situación legal de todos os detidos, e que poñan en liberdade a quen estea preso unicamente por protestar pacificamente.

O bloqueo informativo case total de noticias sobre o Tíbet e zonas circundantes non só dificultou confirmar os informes, senón que traizo a as promesas oficiais de garantir unha “completa liberdade dos medios de comunicación” antes das Olimpíadas.

O informe de AI entra en detalles sobre casos de procesamento de activistas de dereitos humanos por informar sobre abusos ou relacionar os seus motivos de preocupación respecto dos dereitos humanos coa organización dos Xogos de Beixín. Amnistía Internacional pide que sexan postos inmediatamente en liberdade incondicional os activistas pacíficos detidos unicamente por expresar as súas opinións, como:

O activista en favor dos dereitos da terra Yang Chunlin, condenado a cinco anos de cárcere o 25 de marzo por incitación “á subversión” tras encabezar unha campaña baixo o lema “Non queremos Olimpíadas, queremos dereitos humanos”. Segundo os informes, Yang Chunlin foi torturado pola policía baixo custodia, pero non lle deron oportunidade de

denunciar estas torturas ante o tribunal.

O activista de Beixín Hu Jia, xulgado o 18 de marzo por incitación “á subversión” en relación coas súas actividades de dereitos humanos, tras pasar xa moitos meses baixo unha invasiva “detención domiciliaria”. A súa esposa, Zeng Jinyan, segue recluída baixo estreita vixilancia policial no seu domicilio, xunto coa súa filla.

A “limpeza” previa aos Xogos tamén provocou a detención de miles de persoas que presentan peticións ante as autoridades en Beixín, moitas das cales foron enviadas ás súas provincias de orixe. Estas prácticas lembran o sistema de “custodia e repatriación”, un sistema de detención ata a repatriación para emigrantes internos que foi suprimido en 2003, e anunciado en China como un importante paso adiante para os dereitos humanos. Algúns destes peticionarios tamén foron asignados a reeducación “polo traballo”, outro sistema abusivo de detención sen xuízo que permaneceu estancado na axenda de reformas da China durante moitos anos.

A nova normativa introducida o ano pasado e encamiñada a aumentar a liberdade para informar dos xornalistas estranxeiros en China non se aplicou no Tíbet, e son varios os xornalistas aos que se lles impediu informar sobre cuestións delicadas en Beixín e noutras zonas da China. Namentres, os medios de comunicación nacionais continúan sometidos a estritas restricións e a censura da internet endureceuse, sendo varios sitios web de Beixín de noticias sobre VIH/Sida os últimos en sentir os seus embates. Os informes indican que os controis informativos tamén se están estendendo ao servizo de mensaxes curtas de texto (SMS) en Beixín.

No informe acóllense con satisfacción as afirmacións oficiais, segundo as cales o ano pasado se reduciron significativamente as condenas á morte e as execucións como consecuencia da reintroducción da revisión destas condenas polo Tribunal Supremo Popular, pero pídeselles de novo ás autoridades que publiquen estatísticas nacionais completas sobre a pena capital para apoiar estas afirmacións.